



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 24 DE MAIO DE 2019

2.- Proposta do concelleiro delegado de Persoal relativa á modificación parcial do Acordo regulador-convenio colectivo do persoal ao servizo do concello de Santiago de Compostela, para engadirlle a disposición transitoria novena.

Apróbase a modificación do acordo regulador-convenio colectivo engadindo a disposición transitoria novena, relativa á compensación económica correspondente para o persoal da Policía Local e do Servizo de Extinción de Incendios polo traballo festivo realizado en sábados

3.- Proposta do concelleiro delegado de Persoal relativa á modificación parcial do Acordo regulador-convenio colectivo do persoal ao servizo do concello de Santiago de Compostela: Capítulos III, IV, X, XII e disposicións transitorias segunda e oitava. Apróbase a proposta.

4.- Inicio do expediente de contratación da subministración, instalación e posta en funcionamento de actuacións relacionadas coa mobilidade no marco do proxecto SMARTIAGO, en aplicación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Ministerio de Economía e Industria (MEIC); financiado nun 80% polo FEDER no marco do Programa Operativo de Crecemento Intelixente (POCINT) 2014-2020". CON 27/2019. Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 424.785,83 euros, IVE incluído.